# O AUDIO NA AULA VIRTUAL MOODLE

O [i]audio é unha ferramenta moi útil para traballar a **comprensión e a expresión oral** tanto na lingua(s) materna(s) coma en linguas estranxeiras. En Moodle podemos:

1. **Gravar audio en liña** (utilizando o comando "insert audio recording", verémolo no aptdo. 1)
2. **Enlazar arquivo de audio** (utilizando a icona "inserir/editar unha ligazón", verémolo no aptdo. 2)
3. **Subir arquivo de audio** (utilizando o comando "engadir ficheiro", verémolo no aptdo. 3)
4. **Incrustar "[1]iframe" con arquivo de audio** (coa icona "editar código HTML", verémolo no aptdo. 4)

**NOTA**: malia que podemos **gravar**, **enlazar**, **subir** e **incrustar** audio con calquera [ii]editor de Moodle (o predeterminado, o editor HTML Atto e o **editor HTML TinyMCE**), eu recomendo este último por ser o que ofrece máis funcionalidades. Os editores poden estar "reducidos" ou "expandidos". Por defecto aparecen reducidos (so cunha fila de iconas/comandos), para expandilos e poder ver tódalas iconas (é dicir tódalas funcións) habería que premer na primeira icona:




Editor **HTML TinyMCE** reducido.




Editor **HTML TinyMCE** expandido.

---

[1] Iframe: elemento HTML que permite insertar/incrustar un documento HTML dentro de outro documento HTML principal.

# 1. GRAVAR AUDIO EN LIÑA EN MOODLE

A gravación de audio en liña en Moodle permite ao profesorado e ao alumnado gravar a súa propia voz directamente na aula virtual (AV). Podemos empregar esta funcionalidade de Moodle ("insert audio recording" ) en actividades coma os **foros**, **glosarios**, **podcasts**, **probas**, **tarefas** ... e nos recursos **cartafol**, **etiqueta**, **ficheiro** e **libro**.

**NOTA**: cómpre mencionar que o comando "insert audio recording" (é dicir, gravar en liña en Moodle) non funciona en tódolos navegadores. Este é o aviso que aparece ao tentar gravar audio dende o navegador Safari (en Mac), os navegadores que soportan esta funcionalidade son os que se indican no rectángulo vermello:




Aviso ao tentar gravar audio en liña utilizando o navegador Safari.

Un exemplo do uso desta funcionalidade sería crear unha tarefa de expresión oral na que o profesor/a gravara as instrucións da tarefa coa súa voz (tamén as podería dar por escrito) e o alumno/a tivera que gravarse a si mesmo/a:

1.- O profesor/a se grava a si mesmo/a premendo na icona "insert audio recording"












Nótese que o tempo máximo de gravación que figura por defecto en tódolos editores é de 2:00 minutos, polo que nin o profesor/a nin o alumno/a podería gravar máis de 2’. O administrador/a da aula virtual pode ampliar este límite seguindo esta [iii]ruta: Administración do sitio → Engadidos → Editores de texto → Editor HTML TinyMCE ou HTML Atto → Record RTC



Cambiar nome e aceptar







Á hora de configurar a tarefa, recomendo marcar, nos tipos de entrega, non só “texto en liña” (que sería a voz gravada do alumno/a) senón tamén “entregas de ficheiros”, para que poida subir un arquivo MP3 no caso de que non dispoña dos navegadores que soportan a función “insert audio recording”. Habería que especificar a extensión dos ficheiros aceptados (.mp3) más abaixo. Os ficheiros coa extensión .wav son máis pesados, polo que empregaremos .mp3.




Nótese que o tamaño máximo da entrega (do ficheiro que subiría o alumno/a) é de 100MB por defecto. O tamaño máximo dos ficheiros que se poden subir a Moodle o pode cambiar o profesor/a seguindo esta ruta: Administración do curso → Editar a configuración → Ficheiros e envíos:



A tarefa quedaría configurada así:

Audio do profesor/a (gravado en liña)




O alumnado a vería así:

Audio do profesor/a (gravado en liña)




Unha vez entregada a tarefa o alumno/a a vería así (neste caso o alumno/a gravou a súa voz en liña e subiu un arquivo MP3).

Audio do profesor/a (gravado en liña)



O profesorado vería a tarefa así:






Tarefa 1.- Gravar audio en liña en Moodle

LIVE

Por favor, preme en *play* para escoitar as instrucións da tarefa. Os altavoces do teu equipo teñen que estar acesos Preme en para gravar o teu audio en liña, necesitas un micro, os móbiles, portátiles e tablets xa o traen integrado. Tamén podes utilizar un *headset* (casos con micro incorporado) ou os auriculares do móbil, que traen micro.

**IMPORTANTE**: tanto para escoitar as instrucións como para gravar necesitas utilizar algún destes navegadores: Firefox (versión >=29) ou Google Chrome (versión >=49)

**NOTA**: véxase vídeo explicativo da tarefa 1

## 2. ENLAZAR ARQUIVO DE AUDIO EN MOODLE

En Moodle tamén é posible enlazar un arquivo de audio (MP3) que teñamos gardado no noso equipo a un dos recursos ou actividades mencionados anteriormente (**cartafol**, **etiqueta**, **ficheiro**, **libro, foros**, **glosarios**, **podcasts**, **probas**, **tarefas** ...).
Un exemplo sería facer un audio-glosario en lingua estranxeira, no que a definición do termo en cuestión estivera en formato MP3:




Premer en "examinar" e seleccionar o arquivo










O termo aparece en azul, o que indica que o arquivo xa está enlazado.
Só restaría "gardar e volver ao curso".



Así é como quedaría:




Tamén poderíamos enlazar un MP3 ao recurso “ficheiro”. O ficheiro tería que ser un PDF ou imaxe (.jpg, .jpeg ou .png.). Habería que engadir o recursos “ficheiro”, na descrición escribir unha palabra, seleccionala e enlazar o MP3 (como fixemos arriba). Se quixéramos desvincular o .mp3 (porque queremos cambialo por outro, por exemplo, teríamos que premer no botón “eliminar ligazón” .




A continuación, seleccionamos o PDF ou imaxe ao que fai referencia o MP3.




Para que o MP3 se visualice debaixo dun PDF cómpre seleccionar “incrustado” en “apariencia”, en caso contrario non se visualizaría (nin se podería reproducir), se o ficheiro é unha imaxe a apariencia pode estar en “automático” ou “incrustado”.

Así é como quedaría:




Imaxe con arquivo de audio (MP3) enlazado.

Tamén se pode enlazar un MP3 premendo no comando "insert Moodle media":




E premendo na lupa para seleccionar o arquivo que queremos enlazar:




Así quedaría unha etiqueta cun arquivo de audio enlazado:



## 3. SUBIR ARQUIVO DE AUDIO A MOODLE

Para subir un arquivo MP3 a un recurso ou actividade de Moodle (non todos o permiten, por exemplo, o recurso “etiqueta” on o permite), teríamos que utilizar o comando “engadir ficheiro”.




Lembrade que podedes cambiar o tamaño máximo dos ficheiros engadidos na configuración do curso (ver páxina 4).




Así quedaría un episodio (MP3) subido a un podcast:



## 4. INCRUSTAR IFRAME CON ARQUIVO DE AUDIO EN MOODLE

Un “iframe” é un “elemento HTML que permite insertar/incrustar un documento HTML dentro de outro documento HTML principal”. Dito doutro xeito, un “iframe” serve para incrustar en Moodle un arquivo que está colgado nun espazo de almacenamento na nube (a saber: un blog, un servidor de podcasting, Drive…). Para incrustar un iframe nun dos recursos ou actividades vistos anteriormente, cómpre utilizar o comando “Editar código HTML” ( <> ). Vexamos cómo incrustar un episodio de podcast nunha etiqueta:




Xa temos unha imaxe na etiqueta e queremos incrustar o episodio de podcast que aparece debaixo, para facelo necesitamos obter o “iframe” do episodio. Para conseguilo primeiro temos que ir ao servidor/hosting/plataforma de podcast(ing), localizar o episodio, facer clic en “compartir” e despois en “integrar” para obter o “iframe”, que é o que código que imos insertar co comando <> .







Episodio de podcast “The Beatles – In My life”, subido a Soundcloud por “rendypandugo”.




Etiqueta co episodio “The Beatles” – In My life incrustado.

Unha vez inserido o “iframe” na etiqueta, o editor HTML quedaría así:

Etiqueta HTML da imaxe




```
<p style="text-align: center;"><img src="https://www.edu.xunta.gal/centros/cfrpontevedra
/aulavirtual/draftfile.php/13875/user/draft/49606197/Beatles-4.png" width="800" height="300"
/></p>
<p style="text-align: center;"><iframe scrolling="no" allow="autoplay"
src="https://w.soundcloud.com/player/?url=https%3A//api.soundcloud.com/tracks/48748778&amp;
color=%23ff5500&amp;auto_play=false&amp;hide_related=false&amp;show_comments=true&amp;
show_user=true&amp;show_reposts=false&amp;show_teaser=true" width="700%" height="100"
frameborder="no"></iframe></p>
<div style="font-size: 10px; color: #cccccc; line-break: anywhere; word-break: normal; overflow:
hidden; white-space: nowrap; text-overflow: ellipsis; font-family: Interstate, 'Lucida Grande',
'Lucida Sans Unicode', 'Lucida Sans', Garuda, Verdana, Tahoma, sans-serif; font-weight: 100;
text-align: center;"><a href="https://soundcloud.com/rendypandugo" title="rendypandugo"
target="_blank" style="color: #cccccc; text-decoration: none;">rendypandugo</a> · <a
href="https://soundcloud.com/rendypandugo/in-my-life-the-beatles-cover" title="The Beatles - In
My Life (cover)" target="_blank" style="color: #cccccc; text-decoration: none;">The Beatles - In
My Life (cover)</a></div>
```

Iframe do podcast

Neste exemplo vemos como se creou un audiolibro con pistas de audio almacenadas en Drive. Para obter o “iframe” das pistas de audio hai que abrir cada pista almacenada en Drive nunha lapela nova, abrir o menú da dereita ( ⋮ ) e clicar “Insertar elemento”. Unha vez obtido o “iframe” habería que insertalo no recurso ou actividade premendo no comando <> .












---

i Para utilizar o audio en Moodle, o filtro "**engadidos multimedia**" debe estar activado en "administración do sitio" (xa aparece habilitado por defecto, se non fora así tería que activalo o/a administrador/a).




En "administración do curso" o filtro "engadidos multimedia" tamén debe estar habilitado (se non o estivera, o podería habilitar o/a profesor/a):




O/a administrador/a tamén pode habilitar e deshabilitar os reprodutores de medios dende "Xestionar reprodutores de medios" (dende "administración do sitio"):




ii O profesor/a pode cambiar o editor seguindo esta ruta: Menú de usuario → Preferencias → Preferencias do editor → Editor HTML TinyMCE.










iii Ruta para cambiar o tempo límite de grabación de audio e vídeo (o tería que cambiar o administrador/a do sitio)




*O audio na aula virtual Moodle* by CFR Pontevedra is licensed under a Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional License